

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR DO PROGRAMA COFUND DESTINADO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS (CITIC)

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en adiante, a Consellería), nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio de 2022), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Julio E. Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2020), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interven en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas e



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126, do 4 de xullo), de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación, e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

A Consellería considera prioritario fomentar a mobilidade, a cooperación e a internacionalización das persoas investigadoras, co obxectivo, entre outros, de incrementar a formación do persoal investigador de Galicia no estranxeiro e impulsar a internacionalización da investigación galega, co fin de mellorar a súa cantidade e calidade.

SEGUNDO.- As universidades que integran o SUG, os organismos públicos de investigación e as outras entidades do Sistema de I+D+i galego, xunto á súa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por isto é necesario fomentar una maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura de calidade e eficacia na utilización de infraestruturas e de capital humano que permitan una mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade e demais entidades que conforman o I+D+i galego.

TERCEIRO.- A Universidade da Coruña (UDC), que forma parte do Sistema universitario de Galicia (SUG), é unha entidade que forma parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que a configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.



O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC) é un Centro de Investigación que potencia o avance e a excelencia en I+D+i aplicada ás TIC. Impulsado pola Universidade da Coruña, o CITIC é un punto de encontro entre a Universidade e a empresa no que conflúen departamentos de I+D de empresas do sector TIC con investigadores procedentes do ámbito universitario.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Resolución do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 7 de 13 de xaneiro de 2020) pola que se conceden as axudas da Orde do 19 de setembro de 2020 (DOG núm. 182, do 25 de setembro de 2019) pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG, recoñece ao CITIC como «Centro de Investigación de Galicia» para o período 2019-2022.

CUARTO.- A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) establece, no seu artigo 28, que as Comunidades Autónomas e as universidades cooperarán para fomentar a atracción de talento internacional ao sistema universitario e promoverán medidas que faciliten a incorporación do persoal docente e investigador internacional.

Así mesmo, a atracción de talento a Galicia tamén supón unha mellora da calidade das actividades de investigación que se desenvolven. É moi relevante que as universidades, as empresas e os centros de investigación de Galicia sexan polos de atracción para o persoal investigador predoutoral de todo o mundo que fagan a investigación avanzada e competitiva.

QUINTO.- Que a captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Consellería promove o Programa de captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos das mellores candidaturas sen que o seu éxito supoña unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo. Tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que a persoa investigadora produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I+D+i, e que así se recolle no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2022-2026.



O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4 busca reter o talento en igualdade, apostando polas persoas como activo principal para abordar as prioridades da especialización de Galicia. En consecuencia, a presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico captar, formar e reter talento (obxectivo estratéxico 4) e intégrase polo tanto no programa Persoas e Talento, abordando as prioridades da especialización de Galicia.

SEXTO.- O esquema MSCA-COFUND é unha convocatoria do programa cadro de investigación da Unión Europea (EU) que ten o obxectivo de promover a excelencia en programas de captación de talento. Estes programas poden ter dimensión rexional, nacional ou internacional, dependendo do seu alcance, da institución solicitante e da ambición da proposta presentada.

A principal característica dos programas COFUND é que deben garantir a excelencia científica, e ademais, ofrecer ao persoal investigador contratado unha formación integral. Os proxectos poden ter unha duración de 3 a 5 anos e os períodos de contratación do persoal captado poden variar. No caso dos programas predoutorais, o habitual é que os contratos duren o que estableza a lexislación de cada Estado para o persoal investigador en formación. Estes programas deben garantir que se cumpre coas tres dimensións establecidas pola Comisión Europea (CE) no programa MSCA: a internacionalidade, a intersectorialidade e a interdisciplinariedade.

A convocatoria MSCA-COFUND ofrece cofinanciamento na que a Comisión Europea (CE) achega aproximadamente a metade dos custos. COFUND é un mecanismo de



cofinanciación que facilita o apoio financeiro adicional a programas de atracción de talento para a investigación rexional, nacional e internacional.

COFUND cofinancia programas, tanto de incorporación de investigadores predoutorais como posdoutorais. Búscase a excelencia e a calidade da formación e desenvolvemento da carreira investigadora dentro das entidades beneficiarias.

O programa divídese en dous modalidades:

- Programas doutorais (Doctoral Programmes): financiamento de actividades de formación investigadora, habilidades e competencias no marco dun programa de doutorado.
- Programas Posdoutorais (Postdoctoral Programmes): financiamento de proxectos individuais de capacitación en investigación avanzada e desenvolvemento profesional para investigadores posdoutorais.

SÉTIMO.- Baixo estas premisas, o programa 3-i ICT é a proposta COFUND do CITIC. O programa ten unha duración prevista de 60 meses e está previsto contratar nel a 8 investigadoras/es predoutorais, en dúas convocatorias abertas, transparentes e anunciadas internacionalmente. Os contratos terán unha duración de 36 meses e será requisito que o persoal captado se matricule na UDC nun programa de doutoramento dos asociados ao CITIC. A data prevista para o inicio do programa 3-i ICT é o 1 de xaneiro de 2022 e os primeiros contratos entrarían en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

As persoas candidatas deben cumprir a regra de mobilidade das MSCA, é dicir, non residir máis de 12 meses no país que realiza o contrato nos 3 anos anteriores á formalización deste contrato. Ademais, deben garantir co cumprimento das tres dimensións establecidas pola CE no programa de traballo das MSCA: a internacionalidade, realización de estadias noutros Estados durante o seu contrato, a intersectorialidade, estadias en entidades alleas ao sector académico, e interdisciplinariedade, proxectos de teses relacionados con dúas disciplinas científicas, unha do ámbito das TIC e outra allea.

De acordo co exposto anteriormente, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC), para completar as axudas destinadas ás persoas beneficiarias das estadias incluídas no programa MSCA-COFUND de formación do persoal investigador en réxime de contrato predoutoral e os gastos asociados á súa contratación. Están destinadas a persoas investigadoras da UDC, interesadas en completar a súa formación cunha estadia no estranxeiro.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC para impulsar as actuacións derivadas das convocatorias de contratación no marco do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC, no que se prevé a contratación de 8 investigadores/as predoutorais adscritos ao CITIC.

A UDC destinará as axudas a cofinanciar os gastos asociados á contratación do persoal predoutoral seleccionado por un importe de 560.380 € e coa distribución que de seguido se indica:

	2023	2024	2025	2026	TOTAL
Achega XUNTA	65.000,00	165.000,00	195.000,00	135.380,00	560.380,00

Ao abeiro deste convenio cofinanciaranse os custos asociados á contratación do persoal predoutoral no marco do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC durante a vixencia deste convenio, incluíndo cofinanciación do seu contrato, complemento para cubrir os gastos asociados á súa contratación, tales como, as súas estadias noutros centros ou universidades, os honorarios do persoal da Comisión avaliadora vinculada á súa contratación, inscrición en congresos e cursos de formación e persoal de difusión e comunicación.



A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal investigador que desenvolva as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A UDC como beneficiaria do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC, contratará laboralmente ás persoas seleccionadas e porá ao seu dispor as instalacións e medios materiais e formativos necesarios para a realización axeitada do seu traballo.

A universidade asume o custo das súas respectivas contratacións no que exceda das axudas concedidas, así como posibles incrementos retributivos (ou de cota empresarial da seguridade social) ou calquera outra incidencia. Tamén están obrigadas a comunicar as baixas, renuncias, interrupcións e demais incidencias dos contratos cofinanciados.

As universidades deberán facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i.

Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

Non facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou outros instrumentos relacionados coa medición da innovación será causa de reintegro de ata o 1 % do financiamento concedida.

TERCEIRA. Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio procede do Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026, por un importe total de 560.380 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.444.0 (código de proxecto 2016 00129) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026.



O programa 3-i ICT ten una duración prevista de 60 meses e está previsto contratar nel a 8 investigadoras/es predoutorais, en dúas convocatorias abertas, transparentes e anunciadas internacionalmente. Os contratos terán una duración de 36 meses e será requisito que o persoal captado se matricule na UDC nun programa de doutoramento dos asociados ao CITIC. Os primeiros contratos entrarían en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

O financiamento da CE para os programas predoutorais MSCA-COFUND é de 1.935 € por cada mes de contrato. Ademais, o CITIC recibe 325 €/mes en concepto de gastos de xestión. As condición xerais das MSCA establecen que a cantidade mínima que debe pagarse ao persoal investigador en formación é de 2.709 €/mes cos custos de gastos sociais incluídos.

Así mesmo, incluíranse os gastos asociados á súa contratación, tales como, as súas estadias noutros centros ou universidades, os honorarios do persoal da Comisión avaliadora vinculada á súa contratación, inscrición en congresos e cursos de formación e persoal de difusión e comunicación do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC.

A achega da xunta por anualidades será a seguinte:

	2023	2024	2025	2026	TOTAL
Achega XUNTA	65.000,00	165.000,00	195.000,00	135.380,00	560.380,00

Por mor das características das bases destas convocatorias e da posibilidade de desenvolver estadias en calquera das anualidades da axuda, poderán coincidir nunha mesma anualidade un número maior de persoas investigadoras de varias convocatorias que a prevista inicialmente. Por este motivo, de acordo co artigo 26.3 do Decreto 11/2009 , do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevese a posibilidade de modificar a distribución das contías indicadas no cadro anterior, supeditándoa unicamente á tramitación do correspondente reaxuste de anualidades no expediente de gasto.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no



artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 13 de xuño (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da UDC de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA. Pagamento e xustificación

Para os pagamentos correspondentes, a UDC achegará antes do 1 de decembro de cada ano de vixencia do convenio:

a) Unha certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control que faga referencia á toma de razón en contabilidade, na que conste o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Singularmente, debe acreditarse a contratación nos postos de traballo obxecto da axuda COFUND e a achega efectiva da Unión Europea para o período xustificado. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2026.

b) Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos, asinada polo director do CITIC, centro de destino dos predoutorais contratados .

c) Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

d) Un certificado asinado pola universidade no que se acredite no período do pagamento a vinculación e permanencia no posto do persoal predoutoral referido.



e) De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co establecido no artigo 11.a) do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga da USC de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, crearase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, que se reunirá a petición dunha das partes, constituída do seguinte xeito:

- Pola Consellería, dous membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente.
- Dous vicerreitores/as da Universidade da Coruña, ou persoa en quen deleguen.

Actuará como secretario/a da comisión o/a xefe/a de servizo de Planificación e Estruturación da Investigación, axustándose o réxime xurídico desta ás normas previstas nos artigos 22 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo propostas de solucións aos posibles conflitos. Non obstante, a Consellería ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos de acordo coa Lei de contratos do sector público. En todo caso, aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería.

SEXTO.- Modificación do convenio

Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.



Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

SÉTIMA.- Extinción do convenio

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2023 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.



NOVENA.- Natureza

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ás actuacións das convocatorias de contratación derivada do programa 3-i ICT, proposta COFUND do CITIC, no que se prevé a contratación de 8 investigadores/as predoutorais adscritos ao CITIC e estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG o persoal predoutoral ao que se vincula a axuda é o único con subvencións do programa 3-i ICT - COFUND no momento de sinatura deste contrato, con proxectos vinculados ao SUG, por iso non é necesario promover a concorrência competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que é un programa da Unión Europea e pasan un rigoroso proceso de avaliación.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 47.2.a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas cláusulas deste e, no seu defecto, pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a UDC no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.



As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co disposto no Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), non se aplica o establecido no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e, polo tanto, non terá a condición de axudas de estado as axudas previstas neste convenio por outorgarse a organismos de investigación para actividades non económicas. Non obstante, a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co estipulado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

UNDÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establece a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

Julio E. Abalde Alonso

Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

